


Prazo: Do 7 ao 31 de outubro do 2024  
Envío: de xeito electrónico a [concursofotografia@concellodeares.com](mailto:concursofotografia@concellodeares.com)  
Categorías: de 8 a 12 anos e de 13 a 18 anos  
Bases no interior



# VIII Concurso de Fotografía Xuvenil

Concello de Ares 2024



Gústache a fotografía?  
Coñeces o teu pobo?  
Tes entre 8 e 18 anos?  
Ánimate, presenta a túa foto  
Poderás formar parte do  
calendario municipal 2025  
+ Premio da categoría



Información e dúbidas: na OMIX (Edificio Alianza Aresana,  
Rúa María 11, Ares) ou no teléfono: 981 448 057



Prazo:  
Do 7 ao 31 de outubro do 2024  
Envío: de xeito electrónico a:  
[concursofotografia@concellodeares.com](mailto:concursofotografia@concellodeares.com)

Categorías:  
- 8 a 12 anos  
- 13 a 18 anos

Bases e formularios  
de inscrición:  
[www.concellodeares.gal](http://www.concellodeares.gal)



Organiza



CONCELLARÍA DE CULTURA E A OMIX

Colabora



## VIII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA XUVENIL CONCELLO DE ARES

O obxectivo deste concurso é convidar a xuventude a mirar na súa contorna aresá como contexto onde recoñecer a súa herdanza a través das imaxes, despertando a capacidade de observar todo o que lles rodea e recoñecerse en pequenas historias e/ou paisaxes que dean conta do seu vencellamento cunha memoria colectiva deste pobo. En concreto, invitamos a fotografar espazos, lugares, obxectos, festas e eventos representativos e situacións da súa contorna que consideren parte da súa identidade.

### QUEN PODE PARTICIPAR?

Pode participar xente nova de 8 a 18 anos, empadroada en Ares ou que sexa alumnado do CPI As Mirandas.

### CALES SON AS CATEGORÍAS?

CATEGORÍA A: De 8 a 12 anos

CATEGORÍA B: De 13 a 18 anos

### PRAZOS E LUGAR DE ENTREGA

A recepción das obras participantes farase a través do correo electrónico: [concursofotografia@concellodeares.com](mailto:concursofotografia@concellodeares.com)

O prazo de presentación será: Do 7 ao 31 de outubro de 2024 ás 20:00 h.

### COMO PARTICIPAR?

Poderase mandar un máximo de dúas fotografías por participante e achegar os seguintes datos no correo electrónico que se envíe:

ASUNTO: VIII CONCURSO DE FOTOGRAFIA XUVENIL CONCELLO DE ARES

AUTOR E OBRAS: Formularios de solicitude de participación e de identificación das fotografías cubertos, asinados e escaneados. Poderá descargar os formularios na páxina web do concello [www.concellodeares.gal](http://www.concellodeares.gal)

No caso de que nas fotografías aparezan terceiras persoas deberá achegar escaneada tamén a autorización de imaxe asinada por elas.



## CARACTERÍSTICAS DAS FOTOGRAFÍAS

- . Todas as fotografías deben conter os datos mencionados no parágrafo anterior
- . So serán admitidas as fotografías en formato dixital e non estará permitido editalas ou melloralas
- . As fotografías deben ter entre 6 e 12 Megapixels, en formato JPEG ou JPG
- . As fotografías non poden conter imaxes violentas, degradantes ou ataques directos a individuos ou organizacións. Calquera fotografía considerada ofensiva será descalificada
- . As fotografías non deben infrinxir os dereitos de terceiros
- . As fotografías deben ser orixinais, tomadas ao longo do 2024 e non publicadas con anterioridade, así como non ter sido presentadas noutros concursos

## FALLO E PREMIOS

- . O xurado designado pola Concellaría de Cultura, avaliará as fotografías recibidas en base a: o adecuado seguimento das bases, a creatividade, a orixinalidade da obra e a representatividade do pobo
- . Elixiranse un total de 6 fotos (3 de cada categoría agás excepción motivada do xurado)
- . Cada participante poderá ser finalista só cunha das fotografías presentadas, polo que, no caso de coincidir, o xurado deberá elixir outra no seu lugar.

### PREMIOS:

A- As fotografías gañadoras pasarán a formar parte do calendario do concello 2025 que se reparte por todo o municipio, identificando a autoría daquelas.

B- Categoría A- 1º PREMIO- Cámara de fotos ou Tablet  
2º e 3º PREMIO- Un lote de libros

Categoría B- 1º PREMIO- Cámara de fotos ou Tablet  
2º e 3º PREMIO- Un lote de libros

## CONDICIÓN XERAIS

- . As persoas participantes no concurso deberán enviar as súas fotos con toda a documentación requirida, en caso contrario non serán admitidas
- . No momento de enviar as fotos, as persoas participantes conceden de xeito gratuito o dereito de usar as fotos de calquera xeito e en calquera medio, incluíndo o dereito sen limitación, de publicar, distribuír, modificar, adaptar e amosar publicamente dito contido
- . O Concello de Ares non asume ningunha responsabilidade por calquera retraso ou perda no envío das fotos
- . As persoas participantes aceptan as bases polo mero feito de participar no concurso
- . Non poderán participar as persoas gañadoras dos primeiros premios da edición anterior